



Familia
Amoris Laetitia
Año 2021 - 2022

*click
aquí!*

Año da Familia



Chamados a unha
misión eclesial

A familia, á luz da Palabra de Deus

«Trátase de facer experimentar que o Evanxeo da familia é ledicia que "enche o corazón e a vida enteira", porque en Cristo somos liberados do pecado, da tristeza, do baleiro interior, do illamento» (AL 200)



Motivación co Papa Francisco

"As familias cristiáns son os principais suxeitos da pastoral familiar, grazas ao sacramento do matrimonio. Todas as familias poden ser as primeiras testemuñas da alegría do Evanxeo!"

"Non chega cunha preocupación xenérica pola familia nos grandes proxectos pastorais. Necesitamos un novo impulso misioneiro: non podemos quedarnos nas teorías, se non comprometernos cos problemas concretos das persoas. A preparación dos mozos para o matrimonio é un piar para a evanxelización a través das familias".

"Como Igrexa, queremos chegar a todas as familias e acompañalas para que descubran a mellor maneira de superar as dificultades que atopen".



Testemuño

«A mellor maneira de que unha familia viva o Evanxeo é ser testemuña para os demais. Dar aos demais a alegría de imitarte».

«Anunciar o Evanxeo significa que a mensaxe recibida debe encher de ledicia o corazón e toda a vida».

«Vivir o Evanxeo é tamén atopar tempo para convivir realmente no amor, no compartir e na unidade».








Outubro é o mes do Santo Rosario

Propoñémosvos un sinxelo xogo coas imaxes dos mosaicos dun grandísimo artista: **Marko Iván Rupnik**. Analizando as imaxes deberás descubrir a que grupo e a que misterio corresponde cada mosaico.

PISTA: *Rupnik é un gran evangelizador a través dos seus mosaicos, atentos aos detalles que aparecen neles.*



Marko Ivan Rupnik é un sacerdote xesuita nado en Zadlog (Eslovenia), en 1954. É doutor en misionoloxía, profesor no Pontificio Instituto Oriental e tamén na Universidade Gregoriana de Roma. Os seus traballos están repartidos por todo o mundo. Especialmente famosa é a súa obra na capela Redemptoris Mater no Palacio Apostólico da Cidade do Vaticano. A finais de 2007 rematou os cinco Misterios da Luz para a fachada da Basilica do Santo Rosario do santuario de Lourdes.



Oración

Señor, bendice o noso fogar para que sexa un lugar de amor e acollida. Danos a conciencia de que ofrecer a calor da nosa familia aos demais non é unha tarefa, se non unha resposta alegre ao Teu desexo de que a todas as persoas da terra o Evanxeo da familia sexa anunciado.

Amén



Para descargar o
ROSARIO PARA FAMILIAS
click aquí



Para afondar

ALGUNHAS PERSPECTIVAS PASTORAIS
Amoris Laetitia, 199-258